



## BANDO

# AXUDAS VIVENDA

Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía,

**FAGO SABER:** Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas publicou no DOG núm. 58 do 23.03.2011 o Decreto 44/2011, do 10 de marzo, polo que se regulan as **axudas autonómicas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos camiños de Santiago.**

### REQUISITOS XERAIS:

- Da vivenda unifamiliar. Deberá contar cunha antigüidade de:
  - o 10 anos ou máis para obras de remate de fachadas e cubertas.
  - o 15 anos ou máis para obras de rehabilitación.
  - o 40 anos ou máis para obras de reconstrución.
- Da persoa solicitante:
  - o ser propietario da vivenda obxecto da actuación.
  - o residir, na dita vivenda, nos últimos 5 anos (só no caso de obras de remate de fachadas e cubertas).
- Consultar excepcións e outros requisitos.

### SOLICITUDE:

A persoa promotora da actuación **deberá solicitar, primeiramente e antes do inicio das obras,** á área provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo **a cualificación provisional das actuacións e executar as obras de conformidade co previsto na súa resolución. Rematadas as obras deberá solicitar a cualificación definitiva e, unha vez obtida esta, poderá solicitar as axudas,** ao abeiro da correspondente convocatoria de subvencións.

PRAZO: Dende o 24 de marzo do actual.

Máis información no concello ou chamando ao 981 687 001.

Mesía, 24 de marzo de 2011

Asdo.: